

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

XXII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Nome e apelidos:

NIF: Enderezo:

Código Postal: Localidade:

Provincia: Teléfonos:

Correo electrónico:

Solicito participar no XXII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís baixo o pseudónimo:

e presento as obras da miña autoría (título, lugar e data da/s fotografía/s):

(sinalar o que proceda cun X)

- Declaro** que acepto as bases e condicións do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, e garanto que as obras son inéditas e que non foron premiadas nin se atopan pendentes de resolución de ningún outro Certame e que teño sobre a obra, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas súas diferentes modalidades, así como, que o traballo non se publicou, expuxo ou se difundiu publicamente de algún modo (incluído Internet), e declaro que a súa difusión e/ou reprodución no marco do concurso e destas bases non lesionan a terceiros asumindo persoalmente calquera responsabilidade que puidera derivarse.
- Declaro** estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social e autorizo ao Concello de Carballo a achegar de oficio as certificacións que acrediten que estou ao corrente das obrigas tributarias (no caso de que non se autorice deberá achegar unha copia dos documentos solicitados).

Coa finalidade de favorecer a participación nas actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para incorporar os seus datos a unha base de datos de participantes có obxecto de recibir información sobre o Certame no futuro ou sobre outras actividades similares.

- Si**, dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o Certame ou sobre outras actividades similares os vindeiros anos.
 - Non** dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o Certame ou sobre outras actividades similares os vindeiros anos.
- Ademais os traballos presentados poderán formar parte dunha exposición polo que:
- Autorizo** á participación das obras presentadas nunha exposición así como á divulgación das mesmas nos medios de comunicación sociais que difunden dita mostra.
 - Non autorizo** á participación das obras presentadas nunha exposición así como á divulgación das mesmas nos medios de comunicación sociais que difunden dita mostra.

En, a de de 2020

Asdo.: DNI:

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoos de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Carballo, con dirección en Praza do Concello S/N, 15100 - Carballo (A Coruña); lop@dcarballo.gal.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. cò que poderá contactar en lop@dcarballo.gal.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe no Certame promocionado descrito na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo que quere solicitar a Concello de Carballo.

Praza de conservación: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e, en calquera caso, durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo en base á súa presentación ao concurso.

4.- destinatarios de cesións: Concello de Carballo non cederá os seus datos de carácter persoal a terceiros empresas.

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en lop@dcarballo.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Peché de prazo de presentación 16 de marzo de 2020
Imprescindible anexar esta solicitude coas obras, asinada e en sobre pechado.
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

XXII CERTAME FOTOGRÁFICO

XOSÉ MANUEL EIRÍS

OBRAS

Tres obras máximo
Tema libre

Branco/negro ou cor

Formato:

- mínimo: 25x35

- máximo: 40x50

Montaxe:

Sobre cartón pluma ou soporte similar ríxido

PREMIOS

1º premio: 1500 €

2º premio: 750 €

patocinado pola Fundación Luis Calvo Sanz

Premio Especial Carballo: 500 €

Accésit: 300 €

patocinado por InterFilm Carballo

PRAZO DE ADMISIÓN DE OBRAS

Ata o 16 de marzo de 2020

LUGAR DE PRESENTACIÓN

Concello de Carballo

Pazo da Cultura

Correo Certificado

+ INFO

Concellaría de Cultura

Pazo da Cultura

T 981 704 300

www.carballo.gal

ORGANIZA:




COLABORAN:

Fundación
Luis Calvo Sanz



XXII CERTAME FOTOGRÁFICO

XOSÉ MANUEL EIRÍS



BASES XXII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

1ª.-FINALIDADE: Con este Certame o Concello de Carballo quere contribuir á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía. A denominación de Xosé Manuel Eirís para este Certame Fotográfico provén do recoñecemento que o Concello de Carballo e as entidades culturais do municipio queren render a unha persoa vinculada ao mundo cultural e artístico de Carballo e de Galicia.

En cada edición o Concello de Carballo convida a unha asociación do municipio a formar parte do xurado e a colaborar na súa organización.

2ª.-NÚMERO DE OBRAS E TEMA: Poderán optar ao Certame todas as persoas físicas maiores de idade que o soliciten e cumpran co establecido nas bases do Certame.

Cada autor ou autora poderá presentar un número máximo de tres obras. As fotografías realizaranse en branco e negro ou cor, natural ou manipulada, e o tema das obras é libre.

A participación presupón que os/as autores/as son os titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre as obras presentadas por eles/as a este concurso e que non cederon os dereitos sobre elas a terceiros e ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximida a organización do Certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

Os traballos fotográficos que se presenten ao Certame deberán ser orixinais, inéditos e recentes. As fotografías non poderán ter sido presentadas con anterioridade a este concurso nin ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames. A súa difusión e /ou reprodución no marco do concurso non poderá lesionar a terceiros asumindo persoalmente o autor calquera responsabilidade que puidera derivarse.

Non poderán participar en ningunha das modalidades do Certame os/as concursantes que obtiveran o Primeiro Premio nas dúas últimas edicións deste, e non poderán concursar no Premio Especial Carballo aqueles/as que o gañasen nas dúas últimas edicións.

3ª.-FORMATO: As dimensións da obra fotográfica estarán comprendidas entre **25 x 35 cm. como mínimo e 40 x 50 cm. como máximo.**

Presentaranse montadas sobre cartón pluma ou soporte similar ríxido (cun grosor mínimo de 3 mm).

Cada fotografía deberá vir acompañada ou ben do negativo ou ben do soporte informático en formato JPEG ou TIFF da obra presentada.

4ª.-PREMIOS: A dotación total dos premios é de 3.050 €. Establécense os seguintes premios:

- **Primeiro premio: 1.500 € e diploma.**
 - **Segundo premio: 750 € e diploma,** patrocinado pola Fundación Luis Calvo Sanz.
 - **Premio Especial Carballo** á mellor fotografía que faga referencia directa ao municipio de Carballo en calquera dos seus aspectos: **500 € e diploma.** (As obras presentadas ao Premio Especial Carballo tamén optarán ao resto de premios).
 - O xurado poderá conceder **accésits** por un importe total de **300 €.** O/s accésit/s están patrocinados por InterFilm Carballo.
- As contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente. Cada obra non poderá obter máis dun premio.

5ª.-FORMA DE PRESENTACIÓN: As obras presentadas ao Certame deberán gardar o anonimato do seu autor ou autora, e presentaranse sen sinatura e baixo un lema ou pseudónimo identificativo.

Pola parte traseira do soporte da fotografía figurará o pseudónimo do/a autor/a, o título da obra, as indicacións do lugar onde foi tomada, a data na que se realizou e as técnicas empregadas e, se o/a autor/a o considera preciso, indicará a verticalidade ou horizontalidade da imaxe fotográfica.

É imprescindible que as obras que opten ao Premio Especial Carballo o indiquen na parte traseira do soporte.

Cada fotografía deberá ir acompañada dun sobre pechado que se pegará na súa parte traseira. Na parte externa do sobre figurará o nome da fotografía e o pseudónimo empregado. No seu interior introducirase a fotocopia do DNI do/a autor/a e unha solicitude de participación asinada (segundo o modelo que aparece ao final destas bases)

6ª.-LUGAR E PROCEDIMENTO PARA A ENTREGA: Os traballos poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, no Rexistro auxiliar de Cultura ou por correo certificado en sobre pechado no que deberá presentarse toda a documentación citada na base anterior, facendo constar no remite o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

XXII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS
Concello de Carballo
Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n
15100 - Carballo (A Coruña)

7ª.-PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación dos traballos comezará a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BNDS e **finalizará o 16 de marzo de 2020.**

8ª.-XURADO: A presidencia do xurado será asumida polo alcalde do Concello de Carballo ou persoa en quen delegue. A composición do xurado, que non se fará pública ata o día da resolución, contará coa presenza de persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe, dun representante das asociacións culturais de Carballo e un ou máis representantes do Concello de Carballo.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adaptarase por maioría simple de entre os seus membros. Poderá declarar deserto algún premio ou todos eles así como conceder libremente un ou máis accésits.

O xurado do certame terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

9ª.-DEREITOS DE AUTORÍA: As obras gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Carballo. Os gañadores dos premios cederán expresamente en exclusiva ao Concello de Carballo os dereitos de propiedade intelectual transmisibles da obra premiada, en especial os dereitos de explotación, incluíndo reprodución, comunicación pública e transformación, para todo o mundo e polo prazo máximo permitido pola normativa aplicable.

Neste sentido, os/as autores/as renuncian, a favor do Concello de Carballo, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. Xunto a/as

fotografía/s o Concello de Carballo fará constar a autoría destas. Non obstante, cando o autor pretenda facer uso da obra, poderá solicitalo ao Concello de Carballo.

Como patrocinadores deste Certame, a Fundación Luis Calvo Sanz e InterFilm Carballo, previa comunicación ao Concello de Carballo, poderán realizar comunicación pública das imaxes gañadoras en actividades sen fins comerciais nin económicos para a difusión da súa colaboración co Certame, ou para divulgar o premio, facendo constar a autoría das obras e que son fotografías gañadoras do XXII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís organizado polo Concello de Carballo.

10ª.-EXPOSICIÓN E DEVOLUCIÓN DE OBRAS: O Concello de Carballo poderá expoñer os traballos presentados no prazo de catro meses desde a data de resolución do xurado. Transcorridos estes, o/a autor/a poderá solicitar a súa devolución e recoller as súas obras posteriormente. Os traballos que non sexan recollidos pasados tres meses dende o remate da exposición poderán pasar a formar parte dos fondos do Concello de Carballo e ser exhibidos en actividades organizadas por esta institución ou poderán ser destruídos. O Concello de Carballo velará pola boa conservación das obras e declina calquera responsabilidade por subtraccións, perdas ou deterioros que poidan sufrir.

11ª.-RESOLUCIÓN E ENTREGA DE PREMIOS: A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de entrega das obras. Os/as autores/as premiados/as comprométese a estar presentes no acto de entrega de premios que se comunicará cunha antelación de 7 días.

12ª.-ACEPTACIÓN DAS BASES E LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no Certame supón a total e plena aceptación destas bases. A organización estará facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas e terá así mesmo, capacidade de interpretación a cantos efectos procedan.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Carballo, con dirección en Praza do Concello S/N, 15100 - Carballo (A Coruña); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é Servizo de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@carballo.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@carballo.gal.